



Concello de Lourenzá

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2021/2	El Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	15 de xullo de 2021
Duración	Desde as 20:30 ata as 21:50 horas
Lugar	Salón de Sesións
Presidida por	rocio lopez garcia
Secretario	Begoña González Pedregal

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33832911A	ANTONIO REGO REY	SÍ
35312108R	AUREA MARÍA VÁZQUEZ ABAL	SÍ
33997496T	EDUARDO JOSE REIGOSA BRAÑA	SÍ
34880827Q	ENRIQUE JOSÉ ROCHA PÉREZ	SÍ
33995905L	FRANCISCO JAVIER RODRÍGUEZ BARRERA	SÍ
33321327P	JAVIER HUERTAS OTERO	SÍ
71865319W	MANUEL ARANGO RON	SÍ
33844382C	MARIO LEITÓN RAMALLAL	SÍ
77593740C	Mercedes Dengra Sixto	SÍ
33549271E	SONIA GAVINO REIGOSA	SÍ
76580879X	rocio lopez garcia	SÍ





Concello de Lourenzá

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE 31/05/2021.

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento


Preguntados, os membros da Corporación, pola Alcaldía, se tiñan algunha observación que formular á acta da sesión anterior, de data trinta e un de maio do dous mil vinte e un (31/05/2021), distribuída coa convocatoria, e tras facer unha observación o Sr. Rodríguez Barrera no sentido de que no punto do borrador da acta da sesión anterior a Sra. Secretaria no dixera todo o que agora se tanscribía nela senon soamente que era da súa competencia a redacción da mesma, o borrador da acta foi aprobado por unanimidade dos presentes.

Expediente 133/2021. CONTA XERAL 2020.

Favorable **Tipo de votación:** Ordinaria
A favor: 6, En contra: 0, Abstencións: 5, Ausentes: 0

A continuación deuse conta do expediente tramitado para a aprobación, no seu caso, da Conta Xeral do Presuposto correspondente ó exercicio do 2020 cos seus correspondentes xustificantes. Vistos os informes favorables de Secretaría - Intervención de data 06/04/2021, así como o ditame tamén favorable da Comisión Especial de Contas de 29/04/2021 e o resultado da súa exposición ó publico mediante anuncio no Taboleiro de Anuncios e no BOP. Núm. 102 de data 07/05/21 durante quince días, dende o 10/05/2021 ata o día 31/05/21, e oito máis, ata o día 10/06/21, sen que durante dito período se presentasen reclamacións á mesma, previa deliberación ó efecto, o Pleno da Corporación, en votación ordinaria e con seis votos a favor, do Partido Socialista de Galicia-P.S.O.E., e cinco abstencións, do Partido Popular e B.N.G., ACORDA Primeiro.- APROBA-LA mencionada Conta Xeral do exercicio do 2020, nos termos e cifras nos que está redactada e que arroxa o seguinte resume:

Existencias Iniciais	1.314.562,79
Total Cobros	2.560.542,24
Total Pagos	2.418.223,89





Concello de Lourenzá

Existencias Finais	1.456.881,14
Total Activo	13.223.529,16
Total Patrimonio Neto y Pasivo	13.223.529,16
Debedores pendentes cobro ó final exercicio	740.731,08
Créditos pendentes pago ó final exercicio	214.839,40
Fondos Líquidos Tesourería final exercicio	1.456.881,14
Partidas Pendentes aplicación	-216.376,11
Remanente de Tesourería Total	1.766.396,71
SalDOS de dubidoso cobro	130.674,47
Exceso de Financiamento Afectado	4.900,58
Remanente Tesourería para Gastos Xerais	1.630.821,71

Segundo.- Render a Conta Xeral/2020 así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.5 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Terceiro.- Facultar á Sra. Alcaldesa, D^a. Rocío López García, para a xestión de trámites e sinatura de documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

Expediente 354/2021. CALENDARIO LABORAL 2022.

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Pola Alcaldía informouse que tal e como se solicitaba no escrito núm. CL22-27 , Ref. PFL/IIr de 14/06/21 , que foi rexistrado nas oficinas municipais o día 16/06/2021 co núm.1138 (Gestiona 354/2021), achegado pola Delegación Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade e referente á elaboración do Calendario Laboral para o ano 2022 na Comunidade Autónoma de Galicia, no que se indica que faise necesario fixar os dous días de festas locais antes do 30 de OUTUBRO do ano en curso,

A continuación pasouse á votación e o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDOU:

PRIMEIRO.- Fixar como Festas Locais para o próximo ANO 2022 no termino municipal de Lourenzá, ó igual que nos anos anteriores, as seguintes datas:

1 DE MARZO 2022	MARTES DO ANTROIDO
29 DE AGOSTO 2022	LUNS DO CONDE SANTO

SEGUNDO.- Achegar certificación do presente acordo á Xefatura





Concello de Lourenzá

Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade de Lugo para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Expediente 323/2021. MOCIÓN COMITÉ EMPRESA ALCOA COMPRA-VENTA ALCOA Ó SEPI

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Neste punto do orde do día e unha vez visto o escrito achegado polo Comité de Empresa de Alúmina Aluminio San Cibrao de data 24/05/21, rexistrado nas oficinas municipais o día 28/05/2021 co núm. 976 e polo que solicitan a aprobación dunha moción sobre a compra-venta de ALCOA á SEPI, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDA:

PRIMEIRO.- Dirixirse ao Ministerio de Industria e á SEPI, esixindo a intervención da Fábrica de aluminio de San Cibrao nun acto único que levaría á compra e venda da Factoría, o que implicaría o cumprimento do mandato do Congreso dos Deputados e o Parlamento de Galicia, no que ambos aprobaran no seu día, a intervención pública temporal para a posterior venda a un terceiro, fundamental para a continuidade da produción de aluminio en San Cibrao así como para o mantemento dos postos de traballo na Comarca.

SEGUNDO.- Achegar certificación do presente acordo ó Comité de Empresa de Alúmina Aluminio de San Cibrao, ó Ministerio de Industria e ó SEPI para o seu coñecemento e efectos oportunos

TERCEIRO.- Facultar á Sra. Alcaldesa, D^a. Rocío López García para a sinatura de documentos e xestión de trámites que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

ASUNTO URXENTE: MOCIÓN BNG PARA PROGRAMACIÓN CONCURSO MORFOLOXICO DO CABALO DE PURA RAZA GALEGA

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A continuación e antes de pasar a rolda de Rogos e Preguntas, e de conformidade co disposto no artigo 83 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R. Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e coa maioría do artigo 47.3 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das de Bases de Réxime Local, O Pleno, por unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal e a petición da concelleira do B.N.G., Sra. Vázquez Abal, declarou urxente a Moción para a programación do





Concello de Lourenzá

Concurso Morfolóxico do Cabalo de Pura Raza Galega dado o pouco tempo que habería para a organización se quería facerse no próximo mes de setembro.

Pola Alcaldía apuntouse que aprobábase a Moción, deixando pendente a fixación das datas da súa celebración, a expensas de cando se considerase que sería máis oportuno segundo a dispoñibilidade que houbera.

Dado por finalizado o debate, o Pleno, visto o contido da Moción, en votación ordinaria e por unanimidade dos once concelleiros presentes e que constitúen o seu número legal acordou aprobar a moción nos termos nos que está redactada e que son os que se transcriben a continuación:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tras ter feito a consulta neste órgano colexiado tempo atrás sobor da posibilidade de realizar algún tipo de evento gandeiro no recinto do mercado do gando e a pesares dos momentos que estamos a padecer pola pandemia e da situación actual ó respecto deste concello, o grupo nacionalista considera que podería ser factible a programación dun CONCURSO MORFOLÓXICO DO CABALO DE PURA RAZA GALEGA para aproximadamente mediados do mes de setembro deste ano ou mesmo para a Festa da Faba 2021.

Ademais procederíase á presentación dun novo proxecto posto en marcha por parte de PURAGA para RECUPERACIÓN DO CABALO MARCHADOR GALEGO, cunha exhibición deste tipo andadura e máis unha carreira.

Todo isto sería en colaboración coa Asociación de Pura Raza Galega (PURAGA) que se mostrou moi interesada en que tivera lugar o dito evento no noso concello xa que se atopa xeograficamente situado preto dos montes onde viven este animais en liberdade e ademais temos veciños/as que forman parte deste proxecto cos seus animais.

Segundo nos transmiten dende PURAGA estanse a celebrar feiras con total seguridade, aplicándose todas as medidas necesarias de protección fronte a Covid para os asistentes e pensamos que no noso concello non ten porque ser diferente. A participación do Concello sería fundamentalmente dotar das instalacións e segundo nos comunican os custos que cas serían recuperables coa propia celebración do evento, pero este tema xa quedaría pendente de que esa moción fose aprobada no pleno.

ACORDO: Que o Pleno da Corporación admita esta moción para a súa aprobación e podermos poñer en marcha para planificar a súa celebración.





Concello de Lourenzá

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DENDE A NUM.2021-0804 DE 26/05/2021 ATA A NÚM.2021/1042 DE 09/07/2021.

A continuación deuse conta ó Pleno das Resolucións da Alcaldía dende a o Número 2021-0804 de 26/05/21 ata a Número 2021-1042 de 09/07/21 e que puideron ser consultadas electronicamente polos concelleiros no Libro de Resolucións da Alcaldía.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

ROGOS P.POPULAR PLENO DE XULLO DE 2021

O Partido Popular presentou os seguintes ROGOS, quedando a Alcaldía ó tanto dos mesmos:

1.- Rogamos un ano máis que organicen un bo servizo de desbroces do tractor, cun dobre turno nas épocas estivais, para ter tódalas estradas rozadas no menor tempo posible e que non esteña parado durante o inverno, no cal aproveite para limpar tódalas pistas forestais que temos no concello, as cales algunha, xa nin se ve, co perigo que eso supón en caso de incendios.

2.- Rogamos que organicen o servizo de desbroces manuais de tódalas áreas para que sempre esteñan en bo estado e non coma agora, que só se segan cano xa non valen para ver nin usar, non fai falta que saquen fotos despois da labor, chega con que sempre esteñan coidadas.

A Alcaldesa indicou que tomaba nota do rogo, pero que como xa dixera noutras ocasións, esperaba que canto rematase o Convenio co Concello de Trabada, que ía a ser en setembro, poderían poñer a funcionar o tractor a pleno rendemento.

PREGUNTA P.POPULAR SOBRE SUBVENCIONS ACTIVIDADES CULTURAIS.

Respecto as subvencións para asociacións culturais -¿Por qué razón se inclúe nas bases en concreto no punto 3 , que





Concello de Lourenzá

para algunhas asociacións de este Concello ao descoñecelo , xa se lles impide a posibilidade de presentarse para concorrer a unha subvención.

(Punto 3 das bases: -Estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Lourenzá con anterioridade ao día de publicación da presente convocatoria).

Tomou a palabra o voceiro do equipo de goberno, Sr. Arango Ron, para dicir que antes de nada quería contestar o encabezamento que facía nas outras preguntas aínda que non tiña porque xa que eran máis comentarios políticos que preguntas pero quería dicir que o partido popular tiñan a costume de falar en nome dos veciños e quería recordarlles que tiñan unha parte moi pequena de representación e que pensaba que aínda vivían dos recordos do pasado, non obstante quería dicirlles que non lles molestaba nada que preguntaran ou fixeran oposición, o único que molestáballes eran as formas, insultando, mentindo, faltando ó respecto ao equipo de goberno que si que tiñan a representación maioritaria dos veciños do Lourenzá e que había outras forma de facer oposición, que se podía facer unha oposición construtiva e con educación, como facía o partido nacionalista

En canto á pregunta, o requisito de que tiñan que estar inscritos no Rexistro Municipal, pedíase así porque o establecían as bases da convocatoria, que a súa vez, tiñano que facer así porque era obrigatorio ao estar recollido no Regulamento de Participación Cidadá aprobado polo Pleno no 2015 no que o Sr. Rodríguez Barrera era concelleiro.

Dixo tamen que esa obrigatoriedade fora notificada, no seu momento, a todas a asociacións, culturais e de veciños, ademais de recordar que o descoñecemento das normas no eximía do seu cumprimento

O Sr. Rodríguez Barrera preguntoulle se nalgún momento o insultara e que se consideraba que non representaba a ningún veciño, e que el falaba en nome de moitos veciños e por suposto non so en nome dos que o votaban e que iso era facer oposición e que a el molestáballe tanto a prensa como as preguntas no Pleno e que a el faltáraselle ó respecto e se lle insultara, ó que Sr. Arango contestoulle que o único que lle molestaba era que se acusara de prevaricación como se acusaba nalgunhas das preguntas presentadas e faltando a verdade.

Seguidamente abriuse un acalorado debate entre os dous concelleiros sobre quen insultaba a quen, sobre quen faltaba a verdade ou ó respecto e sobre quen tiña que denunciar a quen, sen que se aportara nada novo á pregunta.

-Que criterio se leva a cabo para o reparto da subvención?.





Concello de Lourenzá

Porque si un dos requisitos e realizar actividades culturais ao longo do ano anterior, pola pandemia xa non se puido facer moito ou nada en algún casos, ou se ten en conta actividades de anos anteriores.

O Sr. Arango explicou que os criterios para o reparto das axudas foran públicos e aparecían recollidos nas bases da convocatoria, e que habería que ler mellor as bases, que non se recollían as actividades feitas no ano anterior senón as que ían a ser realizadas no presente ano e para iso tiñan que presentar un proxecto para solicitar a axuda como se facía sempre na Deputación ou na Xunta de Galicia, as subvencións solicitábanse para facer algo non dende que estaban xa feitas.

-Porqué razón recibe máis subvención ca o resto das asociación a Banda de música , asociación na que está incluída a Alcaldesa e algún membro máis do Concello, resulta algo raro, pode dicirnos a razón porque se lles dan mais cartos e non se reparten equitativamente?

O Sr. Arango contestoulle que esta pregunta era a que dicía que habería que contestala no Xulgado porque estábaos acusando de prevaricación e se fora certo tiñan que denunciálo, que as axudas foran concedidas atendendo estritamente os criterios recollidos na convocatoria e acusábanos de algo moi grave sabendo que non era verdade posto que nin a Alcaldesa ni ningún outro membro do equipo de goberno formaba parte desa Asociación, soamente eran alumnas da escola de música como podería ser calquera pagando a súa cota.

Que a Alcaldesa e a concelleira de Deportes, que supoñía que era a quen se refería, formaban parte da Asociación encargada das festas de San Adriano e as súas familias dirixían a Asociación de Veciños da súa parroquia, a concelleira de Servizos Sociais presidía a Asociación de Veciños de A Cazolga, o primeiro tenente de Alcalde presidía a Asociación de Comerciantes e ningún deles recibiu un céntimo desde que eles gobernaban e polo tanto non se lles podía acusar de nada diso e as Asociacións non levaban todas as mesmas axudas porque non presentaban as mesmas actividades nin os mesmos criterios, concretamente había unha que a súa actividade ía ser a organización dunha obra de teatro infantil e polo tanto non podería levar a mesma axuda que as outras.

-Casualmente quedan fora da subvención a Asociación Conde Santo, que gracias a eles se fan as festas patronais, e a Asociación Patrimonio Laurentino, que comezando a súa andadura no Conde Santo realizando un acto fermoso de homenaxe aos levadores dos cocos, presenta 4 libros importantes en novembro coa presenza dos autores, ensalza os





Concello de Lourenzá

importantes órganos da igrexa coa intervención de docentes entendidos en órganos eclesiásticos, non é algo inxusto que ambas asociacións cos gastos que conlevan non reciban absolutamente nada?.

O Sr. Arango contestoulle que iso tamén era mentira, que quedaran fora deste tipo de axudas porque non cumprían os requisitos, que por un lado os estaban acusando de prevaricación porque se lles daba a unhas e por outro pedían que prevaricaran e se saltaran os requisitos para dársellas a outras que non cumprían coa lexislación.

Seguiu dicindo que ademais con estas Asociacións colaborárase sempre que fora solicitado, concretamente coa Asociación de Conde Santo colaborárase nas festas do ano pasado e tamén íase a colaborar este ano, que xa tiñan contratado cun grupo de música tradicional para facer pasarrúas polas rúas e polo que respecta á Asociación de Patrimonio Laurentino colaboraran sempre que o pediran e fixéranos en todo cantos actos organizaran e tamén íano facer este próximo sábado nos actos adicados a Fernández del Riego e que ían a organizar conxuntamente, que non había que buscar polémica onde non a había e que estaban a facer unha política rastreira querendo enfrontar ó concello con outros colectivos que tiñan os mesmo obxectivos que eran facer as cousas ben a favor do concello e dos veciños de Lourenzá.

- Hai máis asociacións no Concello , porque non insistiron antes da creación de esta subvención para que se anotaran no rexistro de asociación do Concello? sabemos que algúns foron avisados para anotarse e por quen foron avisados tamén ,pero non sabemos cal é a razón para non avisar as demais asociación.

O Sr. Arango apuntou que esta pregunta ía na mesma dirección de faltar a verdade, acusar e esconder a mao, que déranse cantas explicacións pediran unha vez aprobada a convocatoria como se facía sempre e que ademais ós únicos que podían ter avisado antes de coñecerse as bases, porque coñecían o seu contido por adiantado, foran el que as elaborara e a Secretaria que as revisara, que os demais soubéranos cando lles chegara a convocatoria da Xunta de Goberno, e que polo tanto non houbera absolutamente nada e que todo fora feito con total e absoluta transparencia, que non se avisara a ninguén e que se el sabía a quen e tiña probas que o dixera.

O Sr. Rodríguez Barrera indicou que el non sabía nada, que as preguntas pasaranllas e que non sabía outra cousa, o Sr. Arango díxolle que entón non acusara e dáballo o consello de que soltara lastre e que levaban unha lexislatura que, por sorte, non tiña nada que ver ca anterior e que esperaba que seguira así.





Concello de Lourenzá

O Sr. Rodríguez Barrera indicou que antes de dar consellos que mirara primeiro para se mesmo.

PREGUNTAS VARIAS P.POPULAR PRESENTADAS O DÍA 29/05/21.

Despois das preguntas do último pleno, das cales a inmensa maioría son de inquedanzas que nos fan chegar os veciños de Lourenzá. Danos a sensación de que lles molesta que este grupo faga a súa labor, despois de faltarlle ó respecto ós nosos veciños, xa que este voceiro representa a un grupo moi importante deles ¿son conscientes de que somos os seus representantes legais? ¿Moléstalles que fagamos a nosa labor? ¿Entenden que en democracia ten que haber alguén que faga a labor de oposición? ¿Entenden que se poida pensar e actuar de forma distinta á súa?

O Sr. Arango indicou que a pregunta xa estaba contestada ó principio das anteriores aínda que despois estableceuse entre os dous concelleiros unha pequena discusión sobre quen faltara ó respecto a quen tanto nesta lexislatura como nas anteriores.

SERVIZO DE DESBROCES

1.-O día 18 de Marzo, o tractor fixo unhas labores de desbroce na parede de pedra da Avenida Calvo Sotelo, antes do número 30. Para elo andivo pola beirarrúa entre os vehículos aparcados e a propia parede. ¿Parécelles correcto ese proceder? ¿Quen mandou facer ese traballo así?

Que eles en ningún momento mandaran facer o traballo así, que eran conscientes de que había coches aparcados e que non tiñan por onde acceder e que descoñecían que se fixera desa maneira e dende logo nunca fora mandado por eles.

2.-Volveron rozar a carretera da deputación que vai ata a Cazolga, cando teñen moitas da súa titularidade sen rozar, ¿van pasarlle a factura a deputación? ¿van rozar outras da deputación nas que hai verdadeiro perigo pola falta de visibilidade? ¿somos tódolos veciños iguais para vostedes?

A Sra. Alcaldesa contestou que, efectivamente, volverase a rozar esa estrada, dándolle soamente unha pasada por abaixo sen desbrorzar o noiro ,debido a seu perigo e porque varios veciños avisaran e despois de constatar do que efectivamente había perigo e de chamar varias veces a Deputación concretamente ó servizo de vías e obras e dicirlles que aínda non tiñan adxudicado os lotes para a limpeza dos concellos, e de feito estaban a mediados de xullo e aínda non viñeran e seguramente non o farían ata o mes de Agosto, como o ano pasado, e non se podía estar así, e que consideraba que era mellor atallar o





Concello de Lourenzá

problema facelo cos propios medios e non deixalo estar e que supuxera un grave perigo para os veciños e poidera pasar algo, en canto ó de pasar a factura, tamén entón terían que facelo á Xunta cos gastos de limpeza e desinfección que se fixera no Colexio durante toda a pandemia e que estase demostrando agora por moitas sentencias que eran competencia autonómica. O Sr. Rodríguez Barrera indicou que, se era así, estaba de acordo co que se pasaran os gastos á Xunta e tamén con que se fixera o arranxo da estrada da Cazolga pero que tamén podería facerse noutras igual de perigosas, como a de San Xurxo a Arroxo, insistindo en que, baixando de Adellao para incorporarse á estrada da Deputación non se podía facer sen meter o coche no medio e iso era moi perigoso.

A Alcaldesa rematou dicindo que quizás non detectaran ese perigo e que se alguén tivérao comunicado houberan actuado da mesma maneira nesa estrada, que ela o que menos quería era que, por non facer unha cousa, poidera pasar algo, independentemente de quen tivera a competencia, que o primeiro era a seguridade da xente.

NENOS

1.- ¿Cantos nenos menores de 3 anos temos censados no concello? corenta (40) nenos.

2.- ¿Cantos nenos hai no PAI actualmente? Matriculados actualmente para o curso que ven quince e quedan libres cinco prazas.

3.- ¿Que horario está cuberto actualmente? De 8,30 a 16,30 horas.

4.- ¿Teñen constancia de cantos nenos non poden usar o servizo debido ós seus recortes de fai uns anos?

Neste punto, pola Alcaldía, indicouse que non sabía a cales recortes referíase, que se era o recorte de horario, ela puntualizaría que non era recorte senón adaptación ás demandas posto que antes de establecerse o horario, sempre antes do inicio do curso, normalmente a finais de xullo, celebrábase unha reunión das educadoras da gardería, do concelleiro de Educación e dela cos pais/nais e cada un expoñía as súas necesidades de horario e en función diso intentábase adaptalo e por un so neno non se ía a cambiar o horario, que sempre facíase en función da necesidade do servizo e de cubrir os horarios.

O voceiro do P. Popular indicou que de vinte parecíalle que un neno non era pouco, e Alcaldesa indicoulle que ela non tiña constancia de que houbera catro ou cinco nenos que necesitaran máis necesidade horario, que eles o que querían era que houbera o maior número de nenos, dar un maior servizo aínda





Concello de Lourenzá

que non falara de ampliálo e buscaban sempre adaptalo horario ás necesidades dos pais e dos nenos.

O Sr. Rodríguez Barrera aclarou que antes estaban abertos ata máis tarde (indicando a Alcaldesa que era porque os nenos estaban ata máis tarde) e que por iso el falaba de recorte de horario e que sabendo o horario existente, ó mellor os pais miraban de levalo a outro lado e que terían que loitar para prestar un mellor servizo e por mirar o seu e non compararse coas grandes cidades, contestándolle así as palabras do Sr. Arango de que, comparados con concellos de maior tamaño, tiñan unha situación de luxo e que tiñanse que adaptar ós recursos do concello, o persoal e ós horarios.

A Alcaldía rematou dicindo que sempre dábaselles unha oportunidade cando expoñían as súas necesidades de horario.

5.- ¿Teñen pensado ampliar o servizo?

6.- ¿Imos ter este ano servizo de campamentos no verán? Non procedía esta pregunta porque xa se sabía que ía habelo.

DEPORTES

1.- ¿Porque estivo pechada a pista de padel? ¿E porque se seguiron pagando os gastos que xenera?

Estivo pechada coa pandemia como o resto de instalacións municipais por prevención e despois deuse de baixa a aplicación para reservar(non sabía exactamente en que mes) e aproveitouse para facer as labores de mantemento e agora xa estaba funcionado.

2.- Pouco antes da campaña electoral prometeron unha pista de atletismo para Lourenzá, despois de gastar case que 500.000€ na Santa Cruz, seguimos sen pistas, os nosos atletas teñen que ir a outro Concello a entrenar e polo que se ve, si se fai vai ser en Foz. ¿Teñen algo que dicir do tema?

Nun primeiro lugar pola Alcaldía aclarouse o importe do investimento posto que no coincidía na cantidade apuntada polo voceiro do P. Popular, que a ela saíanlle cerca de trescentos mil euros, aclarando o Sr. Rodríguez Barrera que tamén incluía o investimento do alumeado do campo de fútbol, indicando a Alcaldesa que pensaba que se refería soamente ós investimentos do campo artificial.

En canto ás pistas de Atletismo indicou que efectivamente era una necesidade real e que prometera en campaña traballar e facer as xestións para que viñeran para Lourenzá ao igual que prometera o campo de fútbol e así fora e era consciente de que na Mariña eran necesarias unhas pistas de atletismo, que se barallaban varios sitios, que o mesmo que o concelleiro falaba de Foz, tamén se falara fai tempo de Lourenzá e agora de Cervo, e dicir que son varios sitios dos que se falaba.





Concello de Lourenzá

Que ogalla fora en Lourenzá, que eles seguirían traballando para poder conseguilo, pero que tiñan que ser conscientes do investimento que ía a supoñer, seguramente cerca dun millón de euros (se agora falaba de cincocentos mil para o campo de futbol) e que sería unha noticia marabillosa que elixiran o concello de Lourenzá para facelas.

TRÁFICO E RÚAS

1.-¿O anterior equipo de goberno, deixou iniciados uns trámites co Ministerio de Fomento para facer un acceso directo en Arroxo á Nacional 634 e facilitar así un acceso mellor para a autovía A-8, e poder desviar moito tráfico pesado pola estrada provincial CP-28-02 que vai dende San Xurxo ata Arroxo ¿como van os tramites?

Pola Sra. Alcaldesa indicouse que estivera buncando e que na documentación existente no concello, non atopara ningunha solicitude neste sentido, soamente unha solicitude para acceso polo Polígono Industrial que fora desestimada e outra solicitude, xunto cos Concellos de Valadouro e Alfoz, pola zona de Masma, que tamén fora denegada pero pola zona a que se refería na súa pregunta non aparecía ningunha documentación, e que si el tiña algunha información que agradeceríalle que lla facilitara.

2.-¿Teñen pensado algo para sacar o tráfico pesado do centro de Lourenzá?

Indicouse pola Alcaldía que non sería soamente unha decisión municipal, senón tamén dos titulares das outras vías, e dicir da Xunta de Galicia e do Ministerio de Fomento, que quizá fora algo que debería terse abordado no seu día.

Polo Sr. Rodríguez Barrera comentouse se íase seguir así o se tiñan pensado facer algo nese sentido.

3.-Tódolos días hai atascos na Avenida da Mariña, e en menor medida noutras rúas, en moitos casos debido a vehículos mal aparcados. ¿Teñen pensado facer algo?

A Sra. López García preguntou se referíase ós vehículos que estaban aparcados en batería na Travesía da Mariña pero que era o que había e que loitar contra os coches mal aparcados non era só nesta vía senón que os vía en moitos sitios non so na Travesía da Mariña e que se houbera policía municipal o problema sería máis fácil de atallar.

O Sr. Arango Ron matizou que os aparcamentos en batería eran moi cutres, que quedaba parte do vehículo fora e atravesaban media rúa. Pola súa parte, o Sr. Rodríguez Barrera apuntou que dáballe a razón no de que estaban mal feitos e que debería facerse algo para solucionar o problema e que se estaban mal feitos habería que facer algo para solucionalo e non deixalo quedar así.





Concello de Lourenzá

4.-Pola Avenida de Mondoñedo hai varias farolas sen luz ¿porqué non se arranxan?

O Sr. Rodríguez Barrera matizou que eran dúas que estaban fronte o taller dos reloxeiros, e pola Alcaldesa informouse que estaban estudando un cambio de ubicación, en consenso cos propietarios e poñelas nas fachadas porque na beirarrúa xa foran pinchadas varias veces polos camións e que por iso estaban sen colocar.

5.-Hai beirarrúas que non se barren en todo o ano e outras case que a diario, ¿porqué?

Pola Sra. Alcaldesa indicouse que daba por feito que se refería ó casco urbano e neste caso a limpeza facíase tódolos días no que era no centro do pobo e pola afluencia de xente aínda que había rúas, menos transitadas que non se limpaban diariamente, que o Cantón por exemplo tíñase que facer tódolos días no só polo lixo que botaba á xente senón tamén polas pombas.

Continuo dicindo que ela era dunha parroquia e votou moitos anos que non vía a ninguén limpando salvo a semana antes das festas que ían limpar as beirarrúas e agora non pasaba así, por sorte íase algunha vez máis e tentarían de que se fora máis a miúdo porque pensaba que os veciños das parroquias tiñan que ter os mesmos dereitos cos do casco xa que pagaban os mesmos impostos.

O Sr. Arango matizou que a rúa que vai do Tandy ata a Gracia comezou a barrerse dende que estaban eles que antes non se fixera nunca.

O Sr. Rodríguez Barrera indicou que concretamente referíase á Avda. de Mondoñedo, na parte de arriba, que dixéranlle que non se vía a ninguén en todo o ano e a Sra. Alcaldesa apuntou que tomaba nota diso.

RECINTO FEIRAL

1.- ¿Porque están pechados os baños os días de feira?

A Sra. Alcaldesa informou que os de dentro pecharanse pola pandemia e que soamente deixaran abertos os de fora pero que quizás agora, cara o verán, podería pensarse en abrilos. O Sr. Rodríguez Barrera informou que a xente protestaba e as veces ían os da súa oficina.

2.- ¿Poden informarnos que se vai a facer exactamente, e para que fin, na nave que van arranxar, xa que estamos a falar de case 1 millón de euros?

O Sr. Rodríguez Barrera indicou que xa fora explicado e neste caso abriuse un pequeno debate sobre a cantidade, por parte da Alcaldía aclarouse que o investimento non ascendía a un millón de euros, que eran sobre 262.000,00 euros para o edificio e sobre 40.000,00 euros para a cuberta.





Concello de Lourenzá

O Sr. Rodríguez Barreira apuntou que miraría os datos dos que sacara dita información.

MEDIOAMBIENTE

1.-Tendo en conta que hoxe mesmo remata o prazo para o desbroce en núcleos segundo contempla a lexislación vixente, gustaríanos saber que vai facer o Concello de Lourenzá en relación a todas aquelas fincas de particulares que están dentro de núcleo ou na zona de afección que están sen desbrozar. ¿Vai a desbrozar o concello e pasar o coste ó dono da finca? ¿Ou van deixar pasar un verán máis sen cumprir co que é a súa responsabilidade? E como sabemos que xa limparon algunha finca privada, ¿pasáronlle a factura ó propietario?

A Alcaldesa informoulle que facía pouco, cría que a primeiros de ano, asinárase un Convenio coa Consellería de Medio Rural para a xestión da biomasa e que o primeiro que tiñan que facer era elaborar un Plan de Incendios e que estaban traballando niso, que despois notificaríaselles por este sistema e polo que respectaba á limpeza dunha finca dun particular, a Alcaldía indicou que se podía dicirlle a quen se refería porque ela non tiña constancia de que se limpara a finca a ningún particular.

O Sr. Rodríguez Barrera concretou que era a finca de Paulino , subindo ó cemiterio e que era o muro que estaba na beirarrúa, explicando a Sra. Alcaldesa que meteríanse por enriba para rozar o noiro porque ó mellor viña para abaixo e por seguridade pero non o monte de ningún particular.

O Sr. Rodríguez Barrera explicou que parecíalle ben pero que debería costealo o particular.

PREGUNTAS B.N.G. PARA PLENO XULLO 2021.

1ª.-O BNG Laurentino recibiu varias queixas de veciños/as a respecto do estado do rozado das pistas municipais.

PREGUNTA:

1.- Limpou o concello algún vial de titularidade da diputación provincial? De ser así, existe convenio coa diputación para a limpeza das pistas?

2.- Como vai o ritmo de limpeza e rozado? Ten un ritmo “normal” o rozado do presente ano?

O Sr. Rocha Pérez indicou que xa fora respondido nas preguntas feitas polo Partido Popular pero tiña a dubida de senón sería posible que a través da vía do convenio o algo así, puidera a Deputación facerse cargo dos costes e centrar os recursos do concello nas competencias municipais.

Pola Alcaldía informouse que non se fixera un desbroce en si e





Concello de Lourenzá

que supuxo moi pouco gasto xa que fora de paso que se ía a limpar a área da Cazolga
Falouse tamen de que normalmente as máquinas da Deputación viñan en en agosto antes da festa da Cazolga, apuntando o Sr. Rodríguez Barrera que o ano pasado viñeran en outubro.
O Sr. Rocha Pérez indicou que vía correcto facelo se era necesario pero que terían que facerse cargo dos costes xa que a titularidade era deles.

2ª.-No pasado mes recibimos a positiva noticia que o goberno Español outorgaba 2 millóns de Euros para o arranxo do Mosteiro de San Salvador.

PREGUNTA:

1.- A quen se lle outorga o diñeiro? Quen o vai xestionar? Ten un destino claro e obrigatorio ou pode o destinatario do diñeiro decidir que obras acometer?

A Sra. Alcaldesa informou que non tiñan demasiada información, que non se sabía moito de como ía a sela tramitación, sabía que a Secretaría de Estado para Turismo a través dos seus servizos xurídicos estaba estudando a forma de como se ía a materializar estas axudas, se ía ser vía convenio ou doutra maneira, especialmente cando se trata de bens que non eran de titularidade pública.

Ao parecer, proximamente, seguramente no verán, aínda que non se sabía as datas, íase presentar o Plan Nacional Turístico para o Xacobeo en Galicia, e pensaba que segurante a Xunta de Galicia debería estar en contacto coa Secretaría de Estado para ver a forma de canalizar estas axudas e concretar máis.

Nesta pregunta, por parte do Sr. Rodríguez Barrera recordouse que a xunta de voceiros, segundo o acordado na mesa de traballo, tiñan pendente unha reunión co obispado, concretamente co Sr. Valin, indicando a Sra. Alcaldesa que, ó mellor agora habería que agardar a que se soubese algo máis destas axudas, que polo momento, falara con eles e tampouco sabían nada.

3ª.-Na pasada lexislatura dende o concello estíbese a levar a cabo un inventariado de camiños.

PREGUNTA:

1.- Como está dito inventariado? Está finalizado?

2.- A empresa encargada da súa realización cobrou polos servizos realizados? Canto cobrou?

Pola Alcaldía informouse que efectivamente o traballo estaba finalizado e abonado, que costara sobre sete mil e pico euros e que había algúns erros e que estaban pendentes de revisalo para corrixilo, incluso que sería bo buscar o consenso de todos os grupos, pero que era verdade que ao aparecer o da pandemia o





Concello de Lourenzá

deixaran un pouco de lado.

4ª.-Enfronte da fachada da casa donde naceu o laureado escritor laurentino Francisco Fernández Del Riego atópase colocada unha carpa de un local de hostelería, tamén pasa o camiño de Santiago por esa localización, polo que coidar a estética debería ser unha cuestión fundamental.

PREGUNTA:

1.-Ten dita carpa a autorización de patrimonio? Necesita algúnha outra autorización a parte da de patrimonio?

2.- Hai algunha queixa formal de algún veciño de dita carpa?

A Sra. Alcadesa contestoulle que ela non tivera ningunha queixa formal por escrito, que falara co técnico municipal e que efectivamente estaba pendente de permisos, un deles o de Patrimonio, pero que coincidira coas circunstancias da pandemia e o peche da Hostelería no interior e tratouse de facilitar o máis posible a tódolos hosteleiros, que instalaranse máis pero que por escrito non houbera ningunha protesta.

O Sr. Rocha Pérez indicou que el tampouco tivera ningunha queixa por escrito que fora de palabra pero que era verdade que non era moi estética ó ser de plástico que había algunhas carpas máis feas que outras, estando todos de acordo que bonita non era ningunha.

A Alcaldía indicou que cada hosteleiro optou un pouco polo que había dada as circunstancias tan especiais.

5ª.-As traballadoras do servizo de axuda no fogar teñen que desplazarse de unha vivenda a outra durante a súa xornada laboral.

PREGUNTA:

1.- Compútaselles o tempo de desplazamento como tempo traballado? Baixo que criterios se contabiliza ese tempo?

2.- Que criterios se toman para decidir que traballadora vai a cada casa?

A Sra. López García apuntoulle a que esta pregunta deberónlla facer recentemente porque facía un mes aproximadamente que a concelleira de Servizos Sociais tivera una reunión co persoal de axuda a domicilio para tratar este tema e acordaran que se contabilizaran dúas horas á semana como tempo empregado para os desprazamentos, é dicir que traballaran 38 horas e se contabilizaran 40 horas e que agora estábese traballando para facer este cambio e adapta-las horas neste mes.

En canto ós criterios para decidir que traballadora ía a cada casa, era competencia da traballadora social e facíano en función da demanda do usuario e a dispoñibilidade de horarios de cada unha das auxiliare, sempre se intentaba ter ós usuarios o máis cómodos posibles e que, se era posible, fora sempre a





Concello de Lourenzá

mesma auxiliar.

PREGUNTAS P.POPULAR PARA O PLENO DE XULLO DE 2021.

1.-O MES DE XUÑO É UN DOS MÁIS IMPORTANTES EN CANTO Ó TURISMO SE REFIRE. ¿QUE EXPLICACIÓN NOS PODEN DAR DE QUE DURANTE DITO MES ESTIVESE PECHADA A OFICINA DE TURISMO?

A Sra. Alcaldesa contestou que, efectivamente, o mes de xuño normalmente era un dos meses con máis afluencia de turismo pero que tamén era verdade que este ano o turismo viña cun pouco de retraso debido a pandemia e de feito durante o mes de xullo notárase unha grande afluencia e que en xuño aínda non tiña contratada a técnica de turismo xa que se optara por contratala máis tarde e durante máis tempo, prevendo que esta ano en xuño habería menos xente.

2.-UN ANO MÁIS E NESTAS DATAS A ORGANIZACIÓN DO SERVIZO DE DESBROCES É UN AUTÉNTICO DESASTRE, ¿PENSAN SEGUIR SEN ORGANIZAR UN SERVIZO EFICIENTE? ¿ONDE ESTIVO DURANTE TODO O MES DE XUÑO O TRACTOR?

O Sr. Rodríguez Barrera indicou que a pregunta xa fora contestada e por outro lado a Alcaldesa informou que no mes de xuño o tractor estivera en Trabada.

3.-NA PENA HAI UNHA FAROLA CAÍDA DENDE MÁIS DUN ANO ¿QUE PENSAN FACER?

Pola Alcaldía indicouse que estíbese tramitando a súa reposición e ao ser polo seguro levaba o seu tempo.

4.-UNHA VEZ MÁIS POR ESTAS DATAS TEMOS MOITAS ÁREAS SEN ROZAR, ¿PODEN DARNOS ALGUNHA EXPLICACIÓN?.

Considerouse que dita pregunta fora contestada anteriormente.

5.-NESTA SEGUNDA LEXISLATURA SOCIALISTA, PASARON DE APROBALAS FACTURAS EN XUNTA DE GOBERNO LOCAL, AS CALES ERAN PÚBLICAS PARA TÓDOLOS VECIÑOS, A APROBALAS POR RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA, AS CALES NON SON VISIBLES PARA OS NÓSOS VECIÑOS. ¿IA ESTO INCLUIDO NA SÚA GRAN MEDIDA ESTRELA, QUE ERA O REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ? POR CERTO ¿PARA QUE SE USA DITA ORDENANZA MUNICIPAL?

Pola Sra. Alcaldesa indicouse que fixérase así en aras a unha maior eficacia administrativa e axilización nos pagos para favorecer ás empresas e sempre que no foran contías que non superaran os tres mil euros.

6.-¿TEÑEN PENSADO SEGUIR AGLOMERANDO ESTRADAS CADA VEZ MÁIS ESTREITAS E MAL REMATADAS POLAS BEIRAS CO





Concello de Lourenzá

PERIGO QUE ISO REPRESENTA PARA A CIRCULACIÓN?

A Alcaldesa indicou que por suposto ían a seguir aglomerando e sorprendíalle que lle fixera esa pregunta que era dous poucos ós que non lles gustaba que se aglomerasen as estradas, e o de que quedaran mal rematadas, pensaba que a maioría das empresas que facían este tipo obras eran empresas con moita experiencia no sector, cos seus técnicos, que sabían mas que eles e que á vista estaba o resultado das obras que se facían antes e as que se facían agora con aglomerado.

O Sr. Rodríguez Barrera matizou que gustáballe moito que as fixeran con aglomerado, que recoñecía que fora un gran traballo pero a súa queixa era polo remate nas beiras, e que o que dicía dos técnicos non era así, que el falara con algún e dixéralle que, antigamente, incluso repasábanse con zahorra polas beiras e que el vira algún concello que o facía na actualidade, e que agora se votabas unha roda corrías un gran perigo que de feito houbera varios accidentes e que era cuestión de cartos, que cada vez facíanas máis estreitas e que se ías facer cen quilómetros e cos mesmos cartos querías facer douscentos non ían facela máis ancha.

A Alcaldesa indicou que poucos concellos facíanlo así e que non se facían máis estreitas senón que quedaban máis altas pero que dende que pasaba un ano ou dous e ao ir rozando o tractor varias veces, ía igualándose de altura, que de feito o problema das estradas asfaltadas e que ó ir rozándose co tractor, ía criándose un valadiño e por iso, coas chuvias, a auga ía para a estrada.

O Sr. Rodríguez citou como exemplo a estrada que ía da casa de Maradona ao Camiño A, que se botabas unha roda fora era moi perigoso, que pasaba tódolos días por ahí e levava algún susto, que case non cabían dous coches, e que habería que ver a maneira de rematalas mellor, que seguro que podíase facer mellor e que preguntara ós técnicos.

7.-SEGUNDO NOS CONTARON NUN PLENO PASADO, CERTIFICARON O FINAL DE OBRA DO CAMPO DE FUTBOL, ¿NON ENTRABA NA OBRA DEIXAR TODO ADECENTADO ÓRREDOR DO CAMPO E SOBRE TODO DIANTE DO BAR? ¿O MAL ASPECTO QUE TEN O CAMPO POLAS BEIRAS ERA PARTE DA OBRA?

A Alcaldía informou que o axardinamento ía incluído no proxecto que se ía a facer financiado cos remanentes de Tesourería e que non estaba incluído no anterior proxecto do céspede artificial.

O Sr. Rodríguez Barreira explicou que había unha zona na que actuaran eles, como era a zona diante do bar que deixaríanlle todo ao aire víanse uns tubos e totalmente sen rematar que dubidaba que algún proxecto contemplara deixalo así con aquel





Concello de Lourenzá

aspecto tan desastroso.

A Sra. Alcaldesa insistiu que faltaban os remates que ían no novo proxecto.

8.-NUNHA ENTREVISTA DUN MEDIO DE COMUNICACIÓN Á NOSA ALCALDESA, ANTE A PREGUNTA DE CALES SON OS ATRACTIVOS NATURAIS DE LOURENZÁ PARA A POTENCIACIÓN DO TURISMO INTERIOR, A RESPOSTA FOI QUE A RUTA DA FABA, UNHA INICIATIVA PRIVADA POR CERTO, A CAL APOIAMOS E TEN QUE APOIAR TAMÉN O CONCELLO, PERO ¿ISO É TODO? ¿NON TEN ESTE CONCELLO NADA PÚBLICO E DE TÓDOLOS VECIÑOS QUE POÑER EN VALOR?

A Sra. Alcaldesa díxolle que obviamente había moitos máis atractivos, e que falara da Ruta da Faba como podería ter falado do Muiño do Pereiro, da Área da Cazolga ou doutras moitas cousas pero que se centrara nunha e ademais a prensa tampouco recollía todo o que se dicía, pero fora por destacar una cousa.

O Sr. Rodríguez Barrera fixo referencia a outro artigo que saíraa semana pasada e no que tamén falábase da Ruta da Faba, indicándolle a Alcaldesa que ese non o mandara ela.

9.-NESA MESMA ENTREVISTA AFIRMA QUE O COMERCIO LOCAL REFLECTE AGORA MESMO UNHA BOA SITUACIÓN, ¿VIVIMOS NO MESMO POBO?

Contestóuselle que analizando a situación actual, cunha pandemia mundial con consecuencias moi graves a nivel económico para os negocios, pois en Lourenzá os comercios ían funcionando e incluso contáranlle que algún, durante a pandemia, funcionara tan ben ou mellor que antes, se ben sabía que, por suposto, era algo puntual e que non podía xeneralizarse xa que dependía da actividade de cada sector.

Dixo tamén que dando unha volta por outros concellos víanse persianas pechadas e aquí non pechara ningún, ata abrira algún novo durante a pandemia do cal estaba encantada e pola mañá víase movemento nas rúas e nos locais, que, evidentemente, no era a mellor situación pero non era dos concellos peores.

O Sr. Rodríguez Barrera dixo que estaba seguro que había xente que o estaba pasando mal e o Sr. Arango avanzou que moita da culpa dos problemas que tiña o comercio hoxe en día era a venda por correo e incluso tamén era o culpable dos aparcamentos en dobre fila dos que se falara anteriormente noutra pregunta.

10.-XA LLES PREGUNTAMOS FAI UN ANO E COMO NON NOS CONVENCERON, E AGORA VEMOS ESTA ENTREVISTA ¿QUE MEDIDAS TOMARON ESTE ANO E CALES PENSAN TOMAR PARA AXUDAR ÓS NOSOS COMERCIANTES, E HOSTELEIROS?

Pola Alcaldía contestouse que se aprobara a exención para as





Concello de Lourenzá

terrazas tanto para o ano 2020 como para o presente ano 2021 e no ano pasado tamén a exención do pago de lixo, que aprobaranse no pleno, en aras a votar unha mao aínda que non todo o mundo o solicitara a pesares de ter aberta esa posibilidade. O Sr. Rodríguez Barrera puntualizou que entón non íase facer nada máis.

11.-NA ENTREVISTA, TAMÉN AFIRMA QUE TERÁN QUE IR CAMBIANDO ALGUNHA COUSA NO SECTOR DA MADEIRA ¿QUERE DECIR ISO QUE VAN APLICAR AS ORDENANZAS MUNICIPAIS EXISTENTES E QUE ATA AGORA NON O FACÍAN? ¿VAMOS SEGUIR PAGANDO TÓDOLOS VECIÑOS OS ESTRAGOS QUE FAN ALGÚNS MADERISTAS? ¿QUE LLES PARECE O ESTADO DE MOITAS ESTRADAS E CAMIÑOS, ALGÚNS RECÉN ARRANXADOS?¿PENSAN FACER ALGO?

A Sra. Alcaldesa despois de dicir que era unha pregunta moi oportuna nestes momentos continuou dicindo que existía unha ordenanza que fora facilitada pola Mancomunidade e que se aprobara en case tódolos concellos da Mariña pero que era unha ordenanza que non funcionara, que totalmente non a aplicaba ninguén e parcialmente só o Concello de Ribadeo, e que agora tiñan pendente de asinar un convenio coa Asociación Provincial de empresarios da Madeira de Lugo, e que tamén íano facer varios concellos da Mariña e a súa función era a de tratar de dar unha resposta a todos estes problemas do mal estado das vías e íase habilitar unha plataforma na que dende que o maderista solicitara a corta da madeira, quedaría rexistrado informándose do día que chegara coas maquinas ó monte, podéndose sacar fotos do estado da vía nese momento e despois fotos ao rematar os traballos e así faríase un seguimento polo persoal técnico do concello e se o deixara en mal estado, faríase un requirimento dándolle un prazo para amañalo e no caso de que nolo cumprira daríase conta a Asociación que sería quen respondera e fixera cumprir esas boas prácticas, e dábase a circunstancia de que a maioría dos maderistas que traballaba nesta zona pertencían a asociación .

A Alcaldesa seguiu dicindo que tiña posta toda a súa confianza e que esperaba que funcionara e ademais se moitos dos concellos da Mariña ían facelo así e aplicaban a mesma fórmula, sería una maneira de facer un pouco máis de forza e polo pronto, habería un rexistro en tempo real que agora non o había.

O concelleiro Sr. Rodríguez Lombardía dixo que iso tamén sabíase agpra ó dar unha volta polo concello e puxo de exemplo como quedara chea de terra a estrada de Chacote, recentemente aglomerada, a que vai dende o camiño de Santiago, que non se respectaba nada e que incluso vira amañar as estradas





Concello de Lourenzá

estropeadas polo maderistas con medios propios do concello como a do Rego da Pereira e que se depositaran unha fianza, algo máis de forza faríase.

A Sra. Alcaldesa matizou que a Ordenanza non funcionaba nin dende que ela era Alcaldesa nin antes cando traballaba no sector, e que desta forma teríase un pouco máis de control porque se votaban culpa uns a outros, informando o Sr. Arango que en Ribadeo ou A Pontenovafuncionaba doutra maneira, aplicando un prezo por tonelaxe da madeira pero que os veciños protestaban porque isto ó final repercutía no prezo da madeira e consecuentemente nos propietarios.

O Sr. Rodríguez Barrera dixo que estaba claro que o que non tiñan madeira non tiñan que pagalo e pedía un pouco de control porque así a situación era insostenible e cando dícían que a arraxaban se limitaban a limpala por encima sen limpar nen as cunetas.

12.-O PASADO 9 DE XUÑO PRESENTEI UNHA RECLAMACIÓN NA SEDE ELECTRÓNICA, CON NÚMERO DE REXISTRO 2021-E-RE-186 EN REFERENCIA Á PRESENZA, NA CASA ONDE VIVO DUN CAN ABANDONADO COA CADEA COLGANDO E O QUE SÓ LLE QUEDABAN OSOS E PEL. ¿PODEN EXPLICARME QUE FIXERON E PORQUE NAIDE SE PUXO EN CONTACTO CONMIGO?

Pola Alcaldía informouse que se avisara ó dono do can e que este fora a recollelo a súa casa e que ela non tiña que meterse na casa de ninguén cando o dono fora a buscalo

O Sr. Rodríguez Barrera dixo que o dono o que fixera fora cambiarlle a cadea e poñerlle una máis forte e que o can estivera dous días na súa casa e que quería entrar na cociña pola fame que traía e que Alcaldesa tiña que ter mirado se traía chip, discrepando a Sra. López García posto que coñecíase o propietario e non ía a entrar en casa de ningúen e que el sabía quen era o propietario e non falara con el.

Ante a suxestión da Sra. Vázquez Abal de que podería ter avisado ó Seprona porque nestes casos era o mellor, o Sr. Rodríguez Barrera indicou que quizás iso fora o seu erro, non telo chamado .

13.-NUNHA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, APARECE O TEMA DE MARFUL E VARELA, ¿PODEN EXPLICARNOS PORQUÉ HABÍA ESA DENUNCIA? ¿COMO QUEDOU A SENTENZA?

A Alcaldesa informoulle que se declaraba firme a Sentencia do Recurso de Apelación formulado por Marful y Varela contra a Sentencia que daba a razón ó Concello no recurso contencioso que presentara a empresa e polo tanto desestimábo no referente á liquidación xirada polo Concello pola execución subsidiaria das obras de legalización e polo tanto tería que





Concello de Lourenzá

abonar ao Concello os gastos das obras.

**14.-¿COBRÁRONLLE O ÚLTIMO RECIBO DO LIXO Á HOSTELERÍA?
A Alcaldesa contestou afirmativamente indicando que a bonificación estaba acordada paro o ano 2020 e non para o ano 2021 porque tamén era verdade que non contaban estar tanto tempo co problema da pandemia.**

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 9NH25GWAZCG4R7S9Y43GQYFR | Corrección: <https://concellodeLourenza.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 23 a 23

Concello de Lourenzá

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506